



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: listaxe definitiva de admitidos e excluídos APROL RURAL 2021

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de un posto de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021 (DOG nº 73 do 20/04/2021).

Visto que este Concello presentou o día 07/07/2021 a oferta de Emprego no Servizo de Emprego de Galicia, oficina de Emprego de Carballo, tal e como o reflicte a Orde de subvención no artigo 14.3 da Consellería de Emprego e Igualdade.

Visto que os 5 candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), remitíronse ao servizo de Emprego do Concello o día 08/07/2021 con número de oferta 12-2021-6055, e realizadas as comunicacións telefónicas para convocalos a varias reunións informativas na Casa do Concello, manifestaron o seu interese dúas persoas.

Visto que o día 12/07/2021 solicitáronse novos candidatos para a oferta 12-2021-6055 e foron remitidos ao Concello o día 15/07/2021 dous desempregados máis, procedeuse as comunicacións telefónicas para convocalos, manifestando o seu interese unha única desempregada.

Visto o informe da traballadora do Rexistro municipal do Concello de Cabana de Bergantiños, con data 16/07/2021, onde se informa que no periodo do 09/07/2021 ao 15/07/2021 presentaron un total de 3 desempregados como candidatos a praza de peón forestal.

Visto que durante os prazos de presentación de instancias establecido según as bases de selección, e según a remisión dos formularios de selección, e en virtude do previsto na base 5 das bases aprobadas que rexen o proceso selectivo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: aprobar a listaxe provisional e definitiva de admitidos e excluídos que figura como anexo I desta resolución.

SEGUNDO: publicar na web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección, e dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA 1 PRAZA DE PEÓN FORESTAL

APELIDOS E NOME
Amado Alvarez María Teresa
Iglesias Duarte Estrella
Torrado Lema José Antonio

Excluídos: NINGÚN

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.